



INTERVENCIÓN DA PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA NA INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN *AQUELES PRIMEIROS ANOS (1981-1989)* NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Sexto Edificio do Museo de Pontevedra
19 de xullo de 2012// 20.00h

Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra,
Vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento,
Portavoz parlamentario do PP,
Deputados,
Subdelegado do Goberno,
Autoridades,
Señoras e señores,

Aqueles primeiros anos (1981-1989), a exposición retrospectiva que ocupou un lugar moi destacado na nosa celebración do trinta aniversario do Parlamento de Galicia, chega hoxe a Pontevedra, procedente de Ourense, continuando así coa andaina que iniciamos o pasado mes de abril no Senado de España, e que levará a exposición polas catro provincias galegas.

De modo que, en primeiro lugar, lle quero agradecer moito ao seu presidente, Rafael Louzán, esta acollida tan cálida, e todas as súas atencións para facilitar a montaxe da mostra neste espléndido sexto edificio do Museo Provincial.

A mostra que lles presentamos quere ser un acto de homenaxe en recordo das deputadas e dos deputados das dúas primeiras lexislaturas do Parlamento de Galicia, que nos deixaron o listón moi alto, co seu traballo arreo naqueles difíciles comezos da nosa primeira institución pública.



Tras a implantación da democracia en España e amparado pola Constitución de 1978, o primeiro Parlamento de Galicia constituíuse en Santiago de Compostela o 19 de decembro de 1981 no pazo de Xelmírez. Seis meses despois, pasou ao pazo de Fonseca, onde permaneceu ata 1989, cando xa estreou a sede actual no pazo do Hórreo.

A Cámara galega converteuse desde a súa constitución primeira no eixe central da nosa vida política. Se calquera Parlamento ten que ser, en cada momento, un nítido reflexo de todo o que preocupa e acontece no seu ámbito territorial, as deputadas e os deputados daquel tempo cumpriron sobradamente coa súa obriga histórica.

Alí foi onde se fraguaron os grandes consensos que permitiron a aprobación das leis básicas emanadas do noso Estatuto de autonomía de 1981. Unhas leis esenciais que lle permitiron á nosa Comunidade ir medrando pouco a pouco no seu autogoberno, na súa autoestima e tamén no seu benestar, malia todas as dificultades do momento presente.

Aqueles primeiros anos do noso Parlamento estaban practicamente esquecidos, pero resultaron decisivos no noso devir. Por iso pensamos que a celebración do trinta aniversario era un momento ideal para rescatar e poñer en valor os feitos e as vivencias máis salientables das dúas primeiras lexislaturas.

Co permiso e a comprensión de todos vostedes, permítanme personalizar estes bos sentimentos nas persoas do primeiro presidente do Parlamento de Galicia, Antonio Rosón Pérez, quen morreu coas botas postas naqueles anos, e do primeiro presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor.



Uns bos sentimentos que fago extensivos, naturalmente, a todos aqueles deputados pioneiros. E de xeito moi especial ás catro primeiras mulleres da Cámara galega: Emma González Bermello, María do Carmen Lovelle Alén, Rosa Gómez Limia e Flora Veiga Aldariz, esta última xa finada.

Elas lograron abrirse un oco pequeniño naquelas dúas primeiras lexislaturas, e encabezaron a presenza das mulleres galegas na vida política, hoxe felizmente normalizada, como o demostra o feito de que as deputadas xa somos maioría no Parlamento de Galicia. (38 a 37).

E por encontrarmos hoxe en Pontevedra, paréceme obrigado lembrar tamén a participación activa de Mariano Rajoy Brey naqueles primeiros anos, que verán plasmada nesta mostra. O actual presidente do Goberno foi o deputado máis novo do primeiro Parlamento de Galicia. Alí desempeñou as súas funcións como secretario da Mesa, e participou de forma intensa no debate parlamentario cando desempeñou a Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

Curiosamente, Mariano Rajoy iniciou naquel Parlamento unha brillante carreira política que, trinta anos despois (os mesmos que cumpriu a Cámara galega a finais de 2011), o levou a asumir as máis altas e duras responsabilidades que agora ten sobre as súas costas como presidente do Goberno de España.

Antes de rematar a miña intervención, quero expresar o meu agradecemento a todas aquelas persoas que dun ou doutro xeito contribuíron a que esta mostra tomase finalmente a forma debida, comezando polo seu coordinador xeral, Rafael López Torre, e seguindo por cantos colaboraron con el nos complexos labores de



documentación, redacción, deseño, produción e execución material.

Un agradecemento que fago extensivo ás persoas e entidades que nos cederon algúns materiais valiosos, e que teño que personalizar en Radio Televisión Española; o debuxante e caricaturista Siro López; e os xornais *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego* e *Diario de Pontevedra*. A todo eles o meu recoñecemento e sincero agradecemento.

Presidente, de novo moitas grazas pola acollida desta mostra. E moitas grazas a todos vostedes que nos acompañan coa súa presenza neste acto. Esperamos e desexamos que lles guste a exposición. Por iso os invito a recorrela connosco ao final deste acto.

Moitas grazas.